

Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A experiencia acadada na xestión dos comedores escolares e a pretensión de manter unha permanente mellora dos mesmos aconsella introducir criterios precisos á hora de definir os requisitos que os interesados deben reunir para poder ostentar a condición de beneficiarios das bolsas e axudas que a administración autonómica ten establecido nos comedores de xestión directa.

A finalidade anterior explica que se teña en conta o número de membros que poden integrar a unidade familiar e os diversos tramos de renda que estas poden percibir á hora de determinar os efectos que ambas circunstancias xeran en orde a disfrutar das axudas públicas.

Respecto dos abonos motivados polo desenvolvemento dos labores de atención ao alumnado no servizo de comedor escolar, estableceuse o procedemento para a determinación do seu importe e períodos que se computarán para efectuar os pagos.

Por todo o exposto, no exercicio das facultades que me foron conferidas no Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e ao abeiro do disposto no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓÑO

Artigo único: Modificación da Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os artigos que se indican quedan redactados do seguinte xeito:

Un.- << Artigo 14.- Beneficiarios do servizo de comedor escolar e axudas para o seu financiamento.

1.- O uso do comedor escolar dará lugar ao abono deste servizo nos termos que se establece na presente norma.

2.- Os ingresos que se produzan polo uso do comedor escolar serán destinados, por parte dos centros docentes, a cofinanciar os gastos que o funcionamento do servizo xere.

3.- Co obxecto de facilitar ao alumnado o acceso a este servizo , a administración educativa asumirá, total ou parcialmente, o custo do mesmo mediante o establecemento de axudas ou bolsas de comedor escolar xestionados directamente, nos seguintes supostos:

3.1.- Serán beneficiarios da totalidade do importe establecido como axuda ou bolsa de comedor:

a).- O alumnado escolarizado no centro docente nos niveis de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil que sexa usuario do transporte escolar, salvo que tiveran servizo de transporte escolar ao mediodía.

b).- O alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou pertencente a colectivos sociais ou étnicos con dificultades de integración que demanden accións de especial protección. A acreditación realizarase mediante informe do traballador ou traballadora social do concello respectivo.

c).- O persoal docente ou non docente e as nais e pais que realicen as funcións de atención ao comedor escolar, nos termos previstos no artigos 8, 9 e 10 precedentes.

Non obstante, cando se dea o suposto recollido no parágrafo segundo do artigo 8.2º o período de disfrute limitarase ao coincidente co desenvolvemento do labor de atención aos usuarios.

d) .- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que acrediten unha renda anual inferior á que se sinala no parágrafo 4.1 do presente artigo.

e) .- Alumnos pertencentes a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría especial, consonte ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

Neste suposto será requisito indispensable para ser beneficiario a presentación do título oficial de recoñecemento de familia numerosa regulado nos artigos 5, 6 e 7 da mencionada lei.

3.2.- Serán beneficiarios do cincuenta por cento do importe que se estableza como axuda ou bolsa de comedor o alumnado do centro que reúna algún dos seguintes requisitos:

a).- Alumnos pertencentes a unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familias numerosas de categoría xeral, consonte ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

Neste suposto será requisito indispensable para ser beneficiario a presentación do título oficial de recoñecemento de familia numerosa regulado nos artigos 5, 6 e 7 da mencionada lei.

b).- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que acrediten unha renda anual comprendida entre os tramos que establece o parágrafo 4.2 do presente artigo.

4.- Aos efectos de determinar os beneficiarios derivados da renda familiar dos alumnos usuarios dos comedores escolares estarase ás seguintes normas:

4.1.- Serán beneficiarios da gratuidade total do servizo de comedor escolar o/a alumno/a cando a renda neta anual da unidade familiar á que pertenza, atendendo ao número de membros que integren a mesma, non sexa superior ao número de veces do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), que se sinala seguidamente:

| Número de membros da unidade familiar | Renda neta anual | Gratuidade do servizo |
|---------------------------------------|----------------------------------|-----------------------|
| Ata 3 membros | Non superior a 3,5 veces o IPREM | 100 % |
| 4 membros | Non superior a 4 veces o IPREM | 100% |

4.2.- Os usuarios do comedor pertencentes a unidades familiares que posúan unha renda neta anual, atendido o número de membros que a integren, comprendida entre os tramos do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples(IPREM), que se establece na táboa seguinte, resultarán beneficiarios do cincuenta por cento do importe da axuda ou bolsa de comedor:

| Número de membros da unidade familiar | Renda neta anual | Gratuidade do servizo |
|---------------------------------------|---|-----------------------|
| Ata 3 membros | Superior a 3,5 veces e non superior a 5 veces o IPREM | 50% |
| 4 membros | Superior a 4 veces e non superior a 5,5 veces o IPREM | 50% |

Para unidades familiares de máis de catro membros engadirase ao importe resultante dos umbrais sinalados nos apartados 4.1 e 4.2, tanto no tramo inferior como no superior, 3.056€ por cada novo membro.

4.3- A renda familiar obterase da parte xeral da renda do ano natural anterior ao do curso no que se pretenda produza efectos, previa á aplicación do mínimo persoal e familiar.

4.4.- A renda anual familiar será acreditada, diante do consello escolar, mediante a presentación de copia da/s declaración/s da renda correspondente ou certificado de ingresos da unidade familiar.

5.- Todo aquel alumnado que non se atope incluído nos parágrafos anteriores deberá abonar o servizo nos termos regulados na presente orde.

6. O consello escolar de cada centro docente dará a máxima información ás familias sobre o servizo de comedor escolar prestado no centro, para que poidan beneficiarse das súas axudas e prestacións, de acordo co disposto nesta orde. >>

Dous .- << Artigo 15.- Financiamento e control do gastos xerados polo funcionamento dos comedores escolares.-

1.- O servizo de comedor, cando sexa xestionado mediante as distintas modalidades de xestión directa, financiarase cos seguintes ingresos:

a).- Achegas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria libradas para cofinanciar o servizo, en concepto de axuda ou bolsas de comedor.

b).- Achegas dos alumnos usuarios do servizo cando non posúan recoñecido o dereito ao seu disfrute gratuíto total ou parcialmente.

A achega referida poderá ser incrementada cando ao xuízo do consello escolar o custe real do servizo non alcance a ser cuberto coa achega da administración autonómica e a mínima establecida para cada usuario.

c).- Achegas, en forma de axuda ou doazón, recibidas doutros organismos públicos ou privados, concedidas de acordo co disposto na normativa vixente na materia.

2.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención as dispoñibilidades orzamentarias, fixará anualmente o importe das axudas ou bolsas que serán libradas para cofinanciar o servizo de comedor de xestión directa, así como o importe ao que debe ascender as achegas dos usuarios do servizo por utilización diaria do mesmo, para o caso de non ter recoñecido o dereito o seu uso total ou parcialmente gratuíto.

3.- Cando o servizo de comedor sexa prestado polas modalidades previstas no artigo 2.1.b) e c) da presente Orde, será abonado directamente pola administración á entidade empresarial que o preste, con cargo aos oportunos créditos orzamentarios, sen prexuízo de que tales abonos se vexan completados co importe que deba abonar cada usuario do servizo que non teña recoñecido o dereito ao disfrute gratuíto do mesmo.

4.- A xestión económica do comedor escolar, ademais de figurar nos rexistros da actividade económica que están establecidos con carácter xeral para todos os centros docentes públicos de Galicia, constará nunha conta específica para tal fin. Así mesmo, terase un rexistro de ingresos (segundo o modelo do anexo III) e un rexistro de gastos (anexo IV) do servizo de comedor, a xustificación dos cales será presentada, trimestral e anualmente (anexo V) polo/a director/a do centro ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios da delegación provincial correspondente, unha vez aprobada polo consello escolar.

5.- A elaboración do orzamento de ingresos e gastos do servizo de comedor escolar no centro será realizada polos órganos competentes, dentro da súa autonomía de xestión.

6.- Para efectuar o pagamento do servizo, os usuarios de comedor deberán ingresar na conta específica establecida ao efecto o importe mensual ou trimestral do prezo do menú.

A falta de aboamento do importe do servizo por parte dos usuarios, será causa de perda da praza de comedor por acordo do consello escolar do centro.

7.- O estado de gastos do orzamento anual do servizo de comedor escolar incluírá tamén a adquisición do mobiliario e utensilios inventariables precisos para o funcionamento do servizo, ata un máximo do 15% dos ingresos do comedor procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

8.- Para o caso de créditos remanentes do exercicio anterior, será de aplicación o establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios. >>

Tres.- Artigo 16º.- Aboamento ao persoal de atención ao alumnado do servizo de comedor.

<< 1. O/A director/a, o/a encargado/a do comedor, o persoal docente ou non docente e cantos desenvolvan labores de xestións do comedor escolar e funcións de apoio e atención aos usuarios do mesmo, terán dereito a percibir un complemento por servizos extraordinarios por cada día de efectiva prestación do servizo.

2. A contía do complemento por servizos extraordinarios a que se refire o parágrafo anterior será establecida por acordo do Consello da Xunta e o seu importe experimentará, anualmente, igual incremento que o que experimenten orzamentariamente, con carácter xeral, as retribucións dos empregados públicos.

3.- Os importes resultantes serán abonados, con cargo aos créditos orzamentarios relativos ao funcionamento dos comedores escolares, mediante tres pagos que comprenderán os períodos correspondentes aos meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño, do respectivo curso escolar. >>

Santiago de Compostela, ____ de maio de 2008

Anexos

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

Insírase no DOG